



## **CRITERIOS DE PROMOCIÓN / TITULACIÓN. CURSO 23-24.**

### **ESO**

#### **PROMOCIÓN**

- **Acadará a promoción** dun curso a outro o **alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias**, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.
  
- **Ademais de nos casos anteriores**, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, **sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes**:
  - a. Que a **media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico **sexa igual ou superior a cinco**.
  
  - b. Que a **suma dos períodos lectivos semanais**, establecidos no anexo IV do DECRETO 156/2022 do 15 de setembro, **das materias o dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez**. A estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
  
  - c. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
  
  - d. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
  
  - e. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.



## TITULACIÓN

**Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria:**

- 1. O alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.**
- 2. Ademais de no caso anterior, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:**
  - a. Que a **media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico **sexa igual ou superior a cinco.**
  - b. Que a **xuízo do equipo docente:**
    - A alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
    - A alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

## BACHARELATO

### PROMOCIÓN

- As alumnas e os **alumnos acadarán a promoción** de primeiro a segundo de bacharelato **cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.**
- As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.



## TITULACIÓN

**Obterán o título de bacharel** aqueles alumnos ou alumnas con:

- 1. Avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.**
- 2. Excepcionalmente,** o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que **superase todas as materias agás unha**, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:
  - a. Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
  - b. Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
  - c. Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
  - d. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

## LEXISLACIÓN

**[DECRETO 156/2022 de 15 de setembro](#)**

**[ORDE de 26 de maio de 2023 ESO](#)**

**[DECRETO 157/2022 de 15 de setembro](#)**

**[Orde de 26 de maio de 2023 Bacharelato](#)**